

## **5. O TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES E OUTRAS ENSINANZAS.**

Este apartado foi aprobado en claustro en 2011.

### **DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.**

As materias que se imparten no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía son moi axeitadas para transmitirles aos alumnos e alumnas moitos aspectos relevantes da educación en valores, xa que todos aqueles temas relacionados co corpo humano e saúde, medio ambiente e consumo forman parte do núcleo esencial deste conxunto de materias.

Dende o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía trataremos os seguintes temas:

#### **Educación ambiental**

Fomentaremos na nosa materia todas aquelas actitudes-valores que potencien unha convivencia axeitada co entorno, para evitar impactos ambientais e despertando a conciencia sobre a importancia que ten o medio natural que nos rodea.

Mediante o coñecemento do mundo que os rodea (atmosfera, hidrosfera....), o alumnado comprenderá a orixe de moitos dos problemas ambientais (contaminación, sobreexplotación de recursos....) e atopará maneiras de comportarse axeitadas e respectuosas co medio ambiente.

Polo tanto, as liñas a seguir serán:

- 1.- Dar a coñecer a todos/as o medio natural cos seus compoñentes e o seu funcionamento.
- 2.- Formalos para que sexan consciencias críticas en relación con todas as actuacións sobre o entorno, tanto ante as positivas como as que provocan impactos.
- 3.- Desenvolveranse hábitos para manter o equilibrio co noso entorno, evitando os impactos, ou polo menos minimalos.
- 4.- Fomentarase o uso racional, tanto no centro educativo como na casa, das enerxías e dos recursos, e que saiban que a obtención e consumo destes

recursos deixa unha pegada no entorno que temos que tratar de minimizar.

- 5.- Saídas ó entorno do propio centro, ou a outros lugares de interese, para que aprendan a valorar o medio natural. Tamén que vexan moitas veces, por falta de coñecementos, as alumnas e alumnos non son quen de valorar axeitadamente o mundo que lles rodea.

### **Educación para a saúde**

Débense desenvolver no alumnado hábitos de boas prácticas para a saúde, destacando a importancia dos problemas de saúde relacionados co medio ambiente, co seu entorno e a relevancia dos hábitos saudables e dunha axeitada alimentación.

Entre as prácticas a desenvolver polo noso departamento destacan as seguintes:

- 1.- Hábitos de hixiene diaria.
- 2.- Unha correcta alimentación, facendo fincapé na importancia dunha dieta equilibrada, e sempre inxerindo a cantidade de alimentos necesaria para manter en bo estado a nosa saúde.
- 3.- Prevención de accidentes facilmente evitables derivados da manipulación de produtos químicos, tanto no laboratorio como nas casas. Tamén evitar, na medida do posible, danos no aparato locomotor, derivados na maioría dos casos, de malas posturas durante as horas de clase e de estudo na casa.
- 4.- Coñecer dun modo axeitado o propio corpo e o seu funcionamento, para así aplicar as prácticas para unha boa saúde.
- 5.- Coñecer as principais enfermidades que afectan a unha gran parte da poboación mundial, para na medida do posible saber como un ten que facer para previlas, evitalas e curalas.

### **Educación sexual afectiva**

Dende o noso departamento fomentaremos unha educación sexual-afectiva, formando ao noso alumnado sobre:

- 1.- O coñecemento da anatomía e fisioloxía do seu aparato reprodutor.
- 2.- Como evitar as prácticas sexuais de risco, embarazos non desexados e contraer enfermidades de tipo sexual, informándoos da existencia de

centros de planificación e de como contactar con eles no caso de precisar esta información.

- 3.- Colaboraremos, xunto coa dirección do centro, na organización de charlas de educación afectivo-sexual.
- 4.- Trataremos estes temas, de xeito que todos os alumnos/as, consideren esta información útil e dunha importancia relevante para as súas vidas.
- 5.- Fomentaremos o respecto polas distintas manifestacións da sexualidade das persoas, sempre que estas estean dentro dos límites que impoñen as leis e o sentido común.

### **Educación non sexista: coeducación**

A consideración nun mesmo plano de igualdade das alumnas e alumnos será un dos eixos que vertebrarán o noso comportamento nas diferentes materias. A igualdade de dereitos e o respecto mutuo levarase a cabo na práctica a través dun reparto non discriminatorio das diferentes tarefas tanto na aula como no laboratorio, e da demolición de todas aquelas barreiras, moitas delas mentais, que impiden a igualdade na relación entre os alumnos dos dous sexos.

### **Educación para a paz e a convivencia**

Educaremos ó noso alumnado seguindo os principios de tolerancia, cooperación, diálogo e non violencia, polo que en todo momento debemos aplicalos tanto no desenvolvemento da nosa actividade de profesores á hora de transmitir o coñecemento, como á hora de traballar os/as nosos/as alumnos/as. Tamén cando os/as alumnos/as fagan exposicións e traballos de campo-laboratorio, deberán telos en conta, aplicando sempre o diálogo como motor para resolver os conflitos que xurdan no día a día.

### **Educación do consumidor**

Temos que fomentar que as/os alumnas/os do noso centro sexan futuros consumidores responsables e, polo tanto, temos que informarllos de como se debe ter un comportamento axeitado neste sentido. Explicarémolles a importancia de non malgastar os recursos, que moitos deles xa dan sinais de escasear, da contaminación que supón o consumo desenfreado de recursos na sociedade e da necesidade de reutilizar e reciclar para non aumentar a nosa pegada ambiental

sobre o planeta.

## **DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA.**

A educación en valores será traballada nas materias do Departamento de Economía (Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras, Economía, Economía e organización de empresas) de forma:

- explícita: con algunhas actividades deseñadas para reforzar valores que o alumno desta materia debe ter adquirido xa na etapa escolar previa e no seu ámbito familia. Falamos de valores tales como consumo responsable, ética nos negocios, solidariedade no traballo e coa sociedade...

- implícita: nos debates, comentarios e demais actividades de calquera tema de economía esixiráselle ao alumno sempre un comportamento adecuado baseado en razoamentos que, aínda non sendo sempre correctos desde o punto de vista da economía ou, alomenos discutible, si o sexan desde os valores. Exemplo: debater sobre o paro sen actitudes xenófobas...

Concretamente, desde o Departamento de Economía trátanse valores humanos e morais facendo fincapé nos seguintes puntos:

- Educación medioambiental: os alumnos deben comprender a importancia dun uso racional dos recursos medioambientais e medir o impacto non so económico senón social derivado da sobreexplotación (agotamento de caladeiros de pesca), destrución (incendios forestais) ou uso inadecuado de recursos (enerxía bio/ agricultura),...

- Educación para a paz: desde a economía estúdanse e debátense as relacións entre as guerras e a escasez de recursos económicos tratando de reforzar no alumno os valores de tolerancia, solidariedade e respecto á diversidade. Analízanse as causas de guerras actuais observando que na inmensa maioría subxace a disputa por un recurso económico escaso (petróleo, auga, diamantes, coltan,...).

- Educación do consumidor: os alumnos desta etapa están moi influenciados polo marketing e a sociedade de consumo que nos rodea. Cómpre reforzar de maneira especial no alumno o consumo racional, legal e non abusivo. É dicir, informalos das

consecuencias para a sociedade en xeral e para eles mesmos nun futuro do consumo excesivo de marcas, consumo de produtos falsificados, consumo de produtos innecesarios,...

- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: Séguese observando que unha parte da xuventude actual segue sendo machista (a violencia de xénero non cesa), racista (as altas cifras de paro despertan conductas xenófobas cara ao inmigrante) e intolerante con ideas diferentes.

Desde a materia de Economía:

- fanse debates, por exemplo sobre o paro, resaltando as ventaxas da inmigración;

- analízase o estatuto do traballador para coñecer dereitos e deberes dos traballadores independentemente do sexo;

- analízanse a evolución do papel da muller e do home na sociedade e na familia,...

En conclusión, a materia de Economía é un instrumento máis para colaborar co desenvolvemento persoal e social do alumno, como o resto das materias e toda a organización educativa no seu conxunto. Pero non se debe esquecer que ningunha escola poderá educar en valores sen a complicidade e colaboración mutua coa familia.

## **DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA.**

Os contidos transversais dentro da área de Educación Física enchen practicamente tódalas unidades didácticas que temos formuladas, non só dentro do ensino obrigatorio (E.S.O.), senón tamén no postobligatorio (Bacharelato). Pero, como non, hai algúns deles que teñen un peso maior, e son os seguintes:

- **Educación para a saúde.** Como ven sendo explícito en todo o currículo de Ed. Física, este é o eixo vertebrador ó redor do cal se van organiza-los contidos vinculados ós diferentes bloques contemplados no DCB. Este contido se reflexa entre outras cousas:

- No coñecemento do propio corpo como biomáquina e, polo tanto, dos seus sistemas e órganos, da funcionalidade dos mesmos e de como haberá que traballalos desde a nosa materia para manter uns bos niveis de saúde.

- Na promoción de hábitos de saúde no tempo de lecer, que sexan compatibles coa planificación de actividades físicodeportivas que reflicten nun bo estado da mesma, e reflexando, en distintas unidades os factores negativos e nocivos que van en contra do bo estado físico e de saúde.

- Na valoración e promoción da hixiene e da correcta indumentaria como esixencia básica para a realización das sesións de clase.

- Na promoción de actividades ó aire libre como recurso de exercitación, contribuindo a manter unha liña de saúde de cara á súa vida adulta, etc.

- **Educación viaria**, adoitaremos unha regramentación específica de circulación e uso das instalacións deportivas (ximnasio, polideportivo, pistas exteriores e vestiarios) para que teñan transferencia directa ó medio social, coidando de respectar as normas tanto nas estradas, no entorno do centro como nos sendeiros no medio natural.

- **Educación moral e cívica**, mediante o recoñecemento da necesidade de regras necesarias para o bo desenvolvemento de calquera actividade. Esta educación terá dúas tarefas fundamentais: a) axudar a construír unha ética para a convivencia, que permita ó alumnado desenvolverse na sociedade actual e desenrolar as habilidades necesarias para que poidan autoconstruír e reconstruír o seu código ético ó longo das súas vidas. Con este fin, nas sesións de EF intentaremos que os alumnos e alumnas sexan capaces de participar nas actividades en grupo como recurso para fomentar a colaboración e solidariedade, respectar a opinión dos demais, fomentar a actitude de respecto fronte ás diferencias existentes entre persoas e grupos humanos, aceptar as normas do grupo, respectar e conservar os materiais e instalacións de uso común, favorecer e fomentar a responsabilidade fronte ó traballo propio e de grupo, así como os compromisos adquiridos cos demais.

- **Educación para a paz, a convivencia e a coeducación**. Posto que todo o alumnado ten os mesmos deberes e dereitos con independencia do seu sexo. Por iso, dende esta área pretendemos:

- Desenrolar actitudes de respecto e de compañerismo, e non violencia nos xogos e deportes practicados dentro e fóra do centro.

- Adquirir hábitos de tolerancia ante calquera opinión e aceptar as normas propostas polo grupo.

- Valorar a importancia da convivencia pacífica entre as persoas de diferentes culturas, razas, sexos e idades. Aceptar o **diálogo** como **medio para resolver as situacións conflictivas**.

- Adoitaremos estratexias como: escoller xogos e actividades alternativas nas que as diferencias de sexos non sexan tan evidentes. Non esixiremos baremos pechados de rendemento, primando por encima de todo a evolución do proceso fronte ó produto, dando ó alumnado un papel activo para que constrúa as súas tarefas de aprendizaxe.

- **Educación ambiental.** Incluído en todos os cursos no apartado de contidos relacionado con actividades específicas no medio natural. Adicaremos atención especial ás unidades vinculadas ó bloque de actividades no medio natural co traballo específico como respectar a conservación de itinerarios, a correcta forma de desprazarse co mínimo impacto e recoñecer a potencialidade do medio natural. Tamén faremos ver (de forma disciplinar e interdisciplinar con outros departamentos) que é necesario valorar as actividades no medio natural como fórmula de saúde e conservación do noso patrimonio cultural.

- **Educación do consumidor,** facilitando criterios de calidade-prezo á hora de recomendar adquisición de material, realización de actividades físicas en ximnasios, elección adecuada de servizos deportivos de cara á fomentar hábitos de práctica deportiva persoal, etc.

Tamén fomentaremos o uso de roupa eficiente sen valorar marcas ou a simple imaxe corporativa das grandes compañías. Evitaremos isto, analizando as características concretas que debe ter a roupa e o calzado deportivo independentemente das marcas. Importante, tamén, é inculcar iniciativas como a reciclaxe de materiais ou o uso alternativo dos mesmos para o total aproveitamento deportivo dos mesmos.

Nas clases de Educación Física tense moito en conta, ó igual que o resto de contidos, os contidos actitudinais, que é onde están inmersos a maioría de valores que promulgan os temas transversais. O desenvolvemento destes temas, por tanto, son un pilar de sostén das actividades diarias dos alumnos e alumnas que pasan,

eso si, **tan só dúas veces por semana pola clase de Educación Física, o que resulta insuficiente para unha formación adecuada nesta área.**

## **DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL.**

A Educación Plástica e Visual aborda a educación en valores contribuindo ao desenvolvemento integral do alumnado no grao que lles resultan máis específicos á materia.

En relación coa educación para o consumo, esta área dota aos alumnos dunha serie de procedementos que lles permiten analizar criticamente as necesidades de consumo a través do coñecemento do deseño publicitario, cuns fundamentos que constitúen os elementos integrantes da imaxe que favorecen o desenvolvemento dunha actitude crítica e reflexiva sobre as mensaxes que reciben nos diferentes ambientes e a través dunha gran diversidade de medios de comunicación visual.

Os produtos de consumo cultural como o cine, teatro, pintura, novas tecnoloxías, Internet, etc., que os alumnos utilizan xeralmente para cubrir momentos de tempo libre ao longo do día, son medios que provocan a capacidade creativa dos alumnos e que lles poden descubrir posibles aplicacións noutro terreo, descoñecidas até ese momento.

Os materiais e obxectos de refugallo, reciclados e reutilizados proporcionanlle ao alumnado instrumentos para a realización de actividades creativas, desenvolvendo unha conciencia sobre o gasto excesivo e o abuso de consumo.

Na educación ambiental ofrece aos alumnos pautas para valorar as obras visuais creadas en relación co medio ambiente ou as obras que, como a arquitectura, urbanismo, etc., mostran actuacións e comportamentos inadecuados ou de respecto polo medio ambiente. Esta área contribúe, pois, á mellora e ao desenvolvemento da comunicación das persoas co seu contorno.

Igualmente preténdese que os alumnos e alumnas respecten, valoren e conserven o patrimonio cultural, sensibilizándoos a través dunha actitude crítica e reflexiva. Mediante a relación cos demais e participando con outras persoas ou grupos na realización de actividades, tanto dentro como fóra do recinto escolar,



chegarase a apreciar o enriquecemento que supón o traballo en equipo con outras persoas.

A igualdade entre os xéneros trabállase valorando por igual os criterios achegados por alumnas e alumnos, fomentando o interese pola análise crítica de contidos que posúan algún carácter de discriminación sexista nas representacións gráficas, como pode suceder na publicidade que utiliza a muller como símbolo sexual, procurando eliminar estereotipos que, de forma máis ou menos inconsciente, se reflicten no seu traballo, de xeito que se produza un cambio de actitude a partir da colaboración de ambos os xéneros nas distintas actividades e nos equipos de traballo.

Na educación para a paz, todos os anos realizamos un deseño para a chapa do día da Paz, para o cal analizamos os diferentes conceptos de paz e a súa representación.

Na educación para a saúde e a convivencia contribúe a favorecer a colaboración entre os alumnos, o respecto polas opinións e polas solucións distintas ás propias, e a promover o desenvolvemento emocional e psíquico, a autoestima, independencia e autonomía do alumno, a través das capacidades expresivas e creativas.

## **DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA.**

Segundo se recolle no apartado 7 do artigo 24 da Lei Orgánica de Educación do 2/2006, do 3 de maio, a educación en valores traballarase en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa... Entendemos pois que corresponde ás dúas materias que o Departamento de Filosofía imparte na ESO o tratamento específico da educación en valores.

As dúas materias que configuran a educación para a cidadanía nesta etapa son: a educación para a cidadanía e os dereitos humanos, no segundo curso, e a educación ético-cívica de cuarto curso.

Ambas as dúas, como consta no Anexo do Decreto 133/2007, estruturan os seus contidos de acordo cos principios que inspiran o sistema educativo: “a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade,

a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación”.

Na etapa de Bacharelato atopámonos con algo similar, aínda que restrinxido á materia do primeiro curso: Filosofía e Cidadanía. Así os temas do dereito á xustiza e á cidadanía están directamente relacionadas cos obxectivos da etapa de adquisición dunha conciencia cívica responsable que inclúa o respecto á democracia e aos dereitos humanos. En xeral, os textos seleccionados incluírán a busca da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a tolerancia e a xustiza.

Na materia de Historia da Filosofía do segundo curso de Bacharelato aparecen en distintos momentos referencias explícitas aos Obxectivos que o Capítulo IV da Lei Orgánica 2/2006 contempla para a etapa de Bacharelato: exercicio dunha cidadanía democrática (na filosofía de Platón e Aristóteles; en Locke e Kant; en Marx); a adquisición dunha conciencia cívica e responsable (nos mesmos autores); os dereitos humanos (en Kant e Marx); a xustiza e igualdade (en todos eles con diferentes enfoques). Non podemos perdeR a ocasión para presentar unha reflexión crítica das ideas de democracia ou liberdade á luz das críticas que ás mesmas realizaron Platón e Marx: democracia como forma de fomentar a pasividade cidadán; liberdade e igualdade dentro do marco incuestionable do capitalismo.

Na materia de Antropoloxía, optativa do primeiro curso, ofrecemos unha reflexión crítica sobre o racismo como un dos seus obxectivos básicos, tendo como horizonte unha vez máis o respecto á xustiza e a igualdade. Propomos tamén unha crítica do uso ideolóxico do multiculturalismo como maneira de ocultar as desigualdades sociais baixo a promoción e respecto das diferenzas culturais.

A materia de Ética e Filosofía do Dereito, optativa de segundo de Bacharelato, pretende contribuír a desenvolver unha conciencia crítica orientada á elaboración racional e autónoma de principios e normas universais que proporcionen actitudes de respecto, tolerancia e solidariedade para unha cooperación activa e responsable na construción dun contorno social xusto.

**DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA.**

## DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.

A materia de idioma, tanto a primeira lingua como a segunda, introduce facilmente entre os seus contidos a educación en valores. O feito de presentar a realidade da vida diaria como marco para desenrolar a produción oral e escrita, á vez que a comprensión lectora, potencia a aparición duns elementos que apoian os contidos lingüísticos, como ocorre en certa medida cos aspectos socioculturais. A diferenza destes, máis característicos do país e da lingua que é obxecto de estudo, os valores abarcan un ámbito moito máis amplo e xeral, e se poden tratar de forma diversa. Nunha mesma unidade é posible atopar distintos valores, incluso de forma pasiva nunha ilustración, e á súa vez, un mesmo valor pode aparecer en varias unidades. Propoñemos os seguintes valores reflectidos especialmente nalgunhas unidades:

Educación para a convivencia	Fórmulas de cortesía: na familia, en clase, no traballo..., respecto aos demais, postais, cartas, invitacións. En clase: diálogo, tolerancia, sentido do humor, cooperación.
Educación para a paz	Intercambio de xoves; variedade lingüística; respecto hacia outras crenzas e modos de vida; coñecemento da historia dos pobos para mellorar as relacións de respecto, interese por coñecer xente, música e cultura doutros países, pluralidade de culturas que habitan en Francia.
Educación para a saúde	Actividades deportivas, bos hábitos, alimentación equilibrada, coidados e atención médica, o tabaco xenerador de mala saúde; factores de risco na vida moderna; enfermidades habituais.
Educación ambiental	Protección da paisaxe, a ecoloxía, curiosidade polo entorno e a natureza, reservas naturais.
Educación do consumidor	Responsabilidade nas compras. Horarios de establecementos e comidas; o mundo da música;

vivenda e cidades; vacacións e viaxes; a moda, a publicidade e o vestir, a alimentación; o desenrolo crítico fronte ao consumo, publicidade e a televisión; formación do viaxeiro.

Educación vial	Mapas e orientación. Sinais de tráfico, uso de carrís bici, transporte público.
Educación no sexista	Homes e mulleres coa mesma responsabilidade no traballo, mulleres en postos directivos, cooperación mozos/as; traballo doméstico mozos/as; autonomía para viaxar sos/as; mozos/as ante o ocio. Situación da muller en Francia.
Educación sexual	Conflictos entre parellas; alternativas nas relacións sentimentais dos xoves.
Educación para Europa e o resto do mundo	Símbolos de diferentes países, a francofonía, rótulos, cidades francesas e outras, consumo de determinados artigos noutros países, festas e celebracións, viaxes, política.

Estes valores trátanse ademáis no desenrolo de cada unha das unidades didácticas, a través de debates partindo de textos, imaxes, eslóganés, cancións, películas, prensa e internet para desenrolar a sensibilidade cívica e o xuízo moral nos alumnos, promovendo así neles o seu crecemento na convivencia pacífica e democrática e o seu compromiso polos Dereitos Humanos, a paz e a xustiza sociais.

## **DEPARTAMENTO DE INGLÉS.**

Dende o Departamento de Inglés consideramos que a educación en valores é moito máis importante que a aprendizaxe dos contidos dunha asignatura.

Valores como o **respeto** polos seus profesores, os compañeiros e mesmo as instalacións e material do centro son prioritarios na aula.

Así, o alumnado aprenderá dende o primeiro día de clase a responder de maneira adecuada tanto ao profesorado como aos seus compañeiros e compañeiras.

Non se tolerarán afirmacións sexistas, xenófobas, homófobas, etc.

A **tolerancia** é outro valor doado de ensinar na nosa asignatura xa que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira conleva coñecer os diferentes costumes, estilos de vida, relixións, etc., e axuda ao alumnado a comprender que existen outras culturas distintas ás deles e a valoralas e respectalas.

Á hora de escoller os temas de traballo o **respeto pola natureza e o medio ambiente** é un tema recorrente para a aprendizaxe da lingua inglesa nos seus diferentes aspectos:

- a reciclaxe
- o consumo responsable
- como coidar e valorar o noso entorno
- o respecto polos demais seres vivos e a natureza en xeral

A **educación para a paz** empeza na aula tamén.

O alumnado debe aprender a resolver de maneira axeitada os pequenos conflitos que xurden na súa convivencia na aula.

Tamén nos parece moi importante inculcar o valor do **compromiso social**, xa que todos os anteriormente citados conforman a sociedade na que desexaríamos vivir.

A maneira de traballar todos estes temas depende dos distintos niveis do alumnado. Como exemplos podemos citar: cancións, textos que traten estes temas adaptados aos distintos niveis, poemas, lecturas, redaccións, debates, uso das novas tecnoloxías para a búsqueda de información.

**DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO.**

O artigo 121 da LOE expresa que o proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

O carácter integral do currículo implica a necesidade de incorporar nas materias de Latín e Grego elementos educativos básicos para procurar que os alumnos adquiren comportamentos responsables na sociedade, respectando as ideas e as crenzas dos demais.

Para unha correcta inclusión dos temas transversais e a educación en valores na programación das materias de carácter clásico, imos seguir estes pasos que consideramos importantes e relevantes:

1. Clarificar o alcance e o significado de cada un dos valores que se pretendan traballar.
2. Adecuar eses valores á programación didáctica, que concretamente en Latín e en Grego poderíamos resumir, a modo de exemplo, en:

- Fomentar o diálogo como forma de solución de diferencias, mediante a análise de problemas históricos de enfrontamentos ocorridos en Grecia e en Roma.

- Resaltar aspectos de creatividade e iniciativa que se produciron en Grecia e en Roma e deducir as súas consecuencias.

- Analizar e recoñecer nos textos as aportacións de personaxes de calquera ámbito do mundo antigo no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.

- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de Europa como mostra de convivencia entre outros pobos.

- Recoñecer en textos clásicos situacións de discriminación por razóns de sexo, sociais ou personais.

- Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.

-Deducir da postura dos gregos e dos romanos ante o universo posicións de respecto ou desprecio pola natureza e o entorno social.

-Analizar e comentar hábitos sociais dos gregos e dos romanos dentro do seu contexto histórico e confrontalos coas concepcións actuais.

-Despertar o interese pola cultura que Grecia e Roma desenrolaron e nos legaron, subliñando as súas diferencias e semellanzas con outras culturas para fomentar así actitudes de respecto hacia outros pobos.

Entre os obxectivos xerais do ensino actual recóllense algúns que representan valores da sociedade e que non están reñidos cos valores exclusivos das materias clásicas que arriba mencionamos:

-Exercer a cidadanía democrática e adquirir unha conciencia cívica responsable que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

-Prever e resolver os conflitos pessoais, familiares e sociais.

-Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social.

-Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

-Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

## **DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.**

Os/as integrantes do departamento de lingua castelá e literatura consideran os temas transversais como contidos vencellados ás diferentes materias ou *curricula* ofertados polo centro. Deben, xa que logo, ser tratados para capacitar e preparar aos alumnos como cidadanos críticos e comprometidos coa realidade sociocultural. Entre eses valores básicos e necesarios, que faciliten e melloren a existencia,

atópanse: a educación para a igualdade entre sexos, a educación pola paz, a ambiental, a do consumidor ou para a saúde, entre outros.

A materia de lingua castelá e literatura conta con múltiples recursos en diferentes formatos (películas, vídeos, cancións ou textos) que brindan a oportunidade de ir integrando o ensino en valores de xeito sistemático. Sobre todo, son os distintos textos e discursos empregados para mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita do alumnado os máis axeitados para incorporar eses eixes temáticos.

O enfoque dos mesmos convén incluso plantexalo de xeito interdisciplinar arredor dun contido común. Así, por exemplo, coincidindo con conmemoracións anuais (día da non violencia, día da muller, día da paz...), o departamento pode organizar exposicións (de traballos, libros, etc.), recitais, obradoiros literarios (redaccións, recetarios multiculturais...), traballos de investigación coordinados desde distintas áreas. Valores como a tolerancia, o respecto, a cooperación, a solidariedade, e outros, entran directamente en xogo na posta en práctica das propostas descritas.

Polo que se refire á **educación para a paz**, os textos de poesía, de maneira especial a contemporánea, inclúen de xeito explícito esta temática. Asemade, a realización de exposicións orais, charlas ou debates arredor de múltiples cuestións xera o contexto idóneo para que respecten aos seus compañeiros no turno de fala, para que nos demais recoñezan opinións distintas ás ideas propias defendidas.

En canto á educación para a **igualdade entre sexos**, debe ocuparse de **previr a violencia contra as mulleres**. O ensino debe contribuír a que os estudantes, mozos e mozas, reflexionen sobre a construción social das súas identidades sexuais, e que cuestionen, polo tanto, a asignación de roles que sostén o intento de dominación masculina. A literatura pode servir de punto de partida para esta análise, así como os artigos de prensa (reportaxes, noticias...) Os textos publicitarios ofrecen múltiples liñas de traballo. Na publicidade atopamos unha imaxe da muller como obxecto e en situacións domésticas estereotipadas, polo que hai que ofrecer ao alumnado claves interpretativas para lograr unha visión máis crítica ante os feitos presentados. A literatura tamén permite comprobar a importancia da presenza feminina neste eido. Por iso é importante que investiguen sobre as mulleres escritoras na historia da literatura, as silenciadas, as progresistas e as actualmente



máis visibles no ámbito da ficción. Ademais, convén traballar as connotacións asociadas ao léxico para así cuestionar o sexismo na linguaxe e que tomen conciencia do uso non inocente da mesma por parte dos falantes.

O traballo coa linguaxe e coas linguas, de maneira concreta, coas variedades do castelán, tamén favorece o **respecto polo alleo**, o coñecemento doutras realidades culturais e lingüísticas como feito enriquecedor na nosa comunidade autónoma e no conxunto do estado español. Este mesmo multiculturalismo achégase ao alumnado a través do feito literario, en tanto este vai vencellado á cultura onde se xestou e á súa historia. Así, o comparatismo permite comprobar a riqueza das manifestacións literarias e achega ao alumnado a realidades socioculturais semellantes ao noso contexto, pero tamén a outras moi diferentes.

O comentario de textos publicitarios permite descubrir o entramado de recursos literarios e estratexias para convencer ao consumidor potencial. Deste xeito, o alumnado desenvolve o seu espírito crítico e estas prácticas na aula axúdanos a desenmascar mensaxes ocultas para desterrar o **consumismo** irresponsable.

## **DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA.**

As **ensinanzas transversais** incluídas na programación procuran unha formación integral do alumnado, para que, finalizado o proceso educativo, se convirtn en persoas maduras, críticas e responsables.

O feito de que a práctica mesma na aula reproduza de forma continua temas e vivencias do mundo exterior ofrécelle ao profesorado a posibilidade de incorporar o tratamento xeral dos temas transversais no propio ritmo da clase e de facelos emanar de forma natural das actividades que se desenvolven día a día, de tal xeito que non supoñan para o docente unha actividade illada e sen coherencia didáctica.

Así, podemos mostrar a súa vinculación coa **educación moral, cívica, para a paz e para a igualdade de oportunidade entre sexos**, e a **educación para o consumo** por medio do desenvolvemento de actitudes tales como:

- Valoración positiva da realidade plurilingüe e pluricultural de España.

- Sensibilidade cara á calidade dos textos propios e alleos como medio para asegurar unha comunicación fluída e clara.
- Respecto polas normas básicas da lingua.
- Valoración da lingua como produto e proceso sociocultural, e como vehículo de transmisión e creación social e cultural.
- Valoración crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación social e a publicidade, mostrando especial sensibilidade cara aos que suponen unha discriminación social, sexual, racial, etc., ou ben unha incitación a un consumismo sen finalidade clara.
- Reflexión e corrección dos usos discriminatorios da lingua, fomentando unha actitude aberta e crítica cara ao idioma.
- Valoración crítica dos prexuízos sexistas e recuperación e integración do patrimonio literario das mulleres.

Asemade, existen outros temas que van impregnar a nosa actividade docente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade, tales como a educación ambiental ou a educación viaria. Ben a través de textos, de debates ou de exposicións orais ou escritas, tanto estas como as outras cuestións anteriormente mencionadas, xorden como obxecto desas actividades moi frecuentemente.

## **DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.**

As Matemáticas, ademais do seu carácter instrumental, teñen sobre todo un carácter formativo. O currículo de Secundaria sinala que as Matemáticas deben contribuir á formación dos/as alumnos/as como cidadáns consumidores responsables, sensibles co medio ambiente, preocupados por manter boa saúde física e mental, educados para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, etc. Estes temas non constitúen por si sós materias específicas nin deben ser tratados como algo “fora” do programa de cada materia, senón que deben abordarse dende cada unha das disciplinas do currículo ordinario, segundo as posibilidades.

O tratamento dos temas transversais maniféstase de dúas formas:

1. Mediante a actitude no traballo na clase, na formación dos grupos, nos debates, nas intervencións e directrices do profesor, etc.

2. Mediante os materiais empregados: exposicións dos temas, imaxes, enunciados dos exercicios e problemas, actividades propostas, etc.

Dende a área de Matemáticas o tratamento dos temas transversais se concreta do seguinte xeito:

- **Educación moral e cívica.**

- Actuar en situacións cotiás de acordo con modos propios da actividade matemática, como a exploración sistemática de alternativas, a precisión na linguaxe, a flexibilidade para modificar o punto de vista ou a perseveranza na búsqueda de solucións.

- Recoñecer e valorar o traballo en equipo como a maneira máis eficaz para realizar determinadas actividades (toma de datos, estudos estatísticos...)

- Coñecer a evolución das Matemáticas ao longo da Historia, nas distintas civilizacións, contribúe a que o alumnado entenda mellor as distintas culturas e a súa forma de afrontar o pensamento matemático.

- Traballar con actividades nas que aparezan diferenzas de raza, relixión, etc., poden servir de motivo para fomentar valores de solidariedade, igualdade e cooperación entre os seres humanos.

- **Educación para a saúde.**

- O manexo das proporcións no deseño dunha dieta saudable.

- Moitas das informacións sobre saúde, hábitos hixiénicos, prevención de enfermidades, gastos sanitarios, propagación de epidemias, etc., baséanse en gráficas de funcións. O seu dominio permitirá un mellor coñecemento destes temas.

- **Educación para a paz.**

- Recoñecer a realidade como diversa e susceptible de ser interpretada dende puntos de vista contrapostos e complementarios.

- Identificar os elementos matemáticos presentes en argumentacións sociais, políticas e económicas, analizando criticamente as funcións que desempeñan.

- Solucionar os conflitos de forma dialogada.

- **Educación do consumidor.**

- O estudo da proporcionalidade e as porcentaxes en problemas comerciais, do interese bancario (simple e composto), permitiralle ao estudante converterse nun consumidor responsable e coñecedor dos seus dereitos e obrigas.

- O manexo das ecuacións, inecuacións e os sistemas, e as súas formas de resolución, facilitan enormemente a resolución de problemas relacionados con compras, prezos, almacenaxe, distribución... Deste xeito os estudantes estarán mellor preparados para enfrontarse a este tipo de problemas na vida real.

- O estudo da probabilidade nos xogos de azar e nas apostas, axudan a que o estudante se enfrente con responsabilidade a este tipo de situacións.

- **Educación para a Igualdade entre os sexos.**

- Os métodos estatísticos ofrecen unha boa ferramenta para poder analizar as causas e posibles solucións para as diferenzas que existen entre sexos: diferenzas de salario, ocupación de postos directivos, listas de parados, realización de tarefas domésticas...

- As actividades que se desenvolven en grupo favorecen a comunicación dos/as alumnos/as e fomentan actitudes desexables de convivencia e de igualdade entre os sexos.

- **Educación ambiental.**

- Tanto nalgunhas situacións iniciais das unidades, como nas actividades preséntanse e analízanse intencionadamente temas vinculados á educación ambiental: importancia da reciclaxe para coidar o medio ambiente, a necesidade de evitar a contaminación dos ríos para conservar a biodiversidade, o problema da seca, etc.

- O dominio das operacións con números racionais e irracionais, a notación científica, así como coñecer as funcións, as súas gráficas e as súas características, permitirá entender mellor moitos dos informes e investigacións sobre medio ambiente e os problemas ambientais aos que nos enfrontamos (cambio climático, a seca...), axudando a ter opinión propia respecto destes temas e intuír posibles solucións.

- A probabilidade é unha ferramenta moi útil nos estudos meteorolóxicos, moi importantes para o entendemento de distintas cuestións medioambientais.

- **Educación sexual.**

- O uso dos métodos estatísticos pode axudar aos estudantes a reflexionar sobre algúns temas como as enfermidades de transmisión sexual, os embarazos non desexados...

- **Educación vial.**

- Interpretar representacións planas de espazos (planos e mapas) e obter información sobre posicións e orientacións.

- Empregar con soltura as escalas numéricas e gráficas.

-Os problemas de ecuacións e sistemas de ecuacións relacionados coa velocidade, alcances e encontros de vehículos, etc., poden servir para concienciar da necesidade de extremar as precaucións e da importancia dun correcto cumprimento das normas de tráfico, tanto se se é condutor coma se se é peón.

## **DEPARTAMENTO DE MÚSICA.**

É innegable o feito de que a Música é un elemento clave que contribúe ao desenvolvemento do intelecto grazas á súa consideración como ciencia e arte, e que ten uns indubidables efectos emocionais e afectivos que inflúen na expresión persoal e na relación cos semellantes. Por iso axuda ao desenvolvemento do equilibrio persoal e a formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto cara aos demais e cara ao contorno.

Estas calidades intrínsecas da práctica e o coñecemento da música concrétanse na educación en valores do seguinte modo:

**EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA:** A través do fomento de actividades grupais e do coñecemento de distintas manifestacións culturais musicais poténciase a aceptación e recoñecemento dos demais, propiciando a tolerancia e o respecto mútuo. Formar a persoas autónomas, con capacidade de diálogo. Fomentar un clima de respecto, traballo, diálogo e de confrontación de ideas.

**A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:** Producir benestar psicolóxico derivado do pracer de facer e escoitar música e a nivel fisiolóxico o acondicionamento da voz falada e cantada. A práctica da música fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, buscando a creación de novas vías de comunicación.

**A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS SEXOS:** É necesario fomentar ao alumnado a idea de igualdade entre os sexos e o papel fundamental da muller na sociedade actual. Por iso os materiais deste Proxecto non inducen a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo en calquera das actividades programadas. Valorar as obras musicais independentemente de quen sexa o compositor ou compositora e fomentar a participación de todos, sen previa selección, nas actividades grupais.

**EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:** Aprender a discriminar os múltiples intereses que conflúen no consumo habitual de música e aprender a consumila con criterios de calidade.É indispensable desenvolver no alumnado a idea de ser un consumidor responsable dentro dun mercado marcado polo consumo da música con fins lucrativos. Por iso as actividades programadas buscan desenvolver no alumnado criterios de madurez e de selección que lle permita consumir de forma libre e razoada.

**EDUCACIÓN AMBIENTAL:** Na sociedade actual resulta necesario que o alumnado se conciencie da presenza agresiva do ruído no contorno. As actividades programadas fomentan o desenvolvemento dunha actitude consciente e crítica ante as situacións de uso e abuso das fontes sonoras.

## **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**

## **DEPARTAMENTO DE RELIXION CATÓLICA.**

As persoas integrantes do Departamento de Relixión Católica entendemos a educación coma un proceso de maduración humana que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectual como laboralmente, do alumnado. Asemade, queremos formar cidadáns críticos e comprometidos coa sociedade.

Así, desde a materia de relixión católica queremos transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá. Se ben intentamos que

estes valores estean presentes ao longo de todo o curso, indicamos as datas concretas ñas que, se cabe, facemos máis fincapé en cada un deles. Entre outros, traballamos os seguintes:

#### - EDUCACION PARA A IGUALDADE

Partindo da carta magna, a Declaración dos Dereitos Humanos, trabóllase no primeiro trimestre, a educación para a igualdade, partindo da premisa de que todos os seres humanos nacen libres e iguais, é dicir, todas as persoas temos a mesma dignidade. Isto dá pé para traballar outros valores como a solidariedade, a fraternidade, a tolerancia, o respecto e a non discriminación. Nos primeiros niveis da ESO trabállase a Declaración dos Dereitos do Neno. O resultado deste tra bailo expone no centro nos días próximos ao 10 de decembro, día no que se promulga a Declaración dos Dereitos Humanos.

#### - EDUCACIÓN PARA A PAZ

A paz entendida non só como ausencia de guerra, senón como desenvolvemento, xustiza, solidariedade.... Os textos da Doutrina Social da Igrexa son lidos, comentados e debatidos na clase. Esta actividade procuramos facela coincidir co día da paz, o 30 de xaneiro.

#### - EDUCACIÓN NON SEXISTA

Contribuir a que os estudantes reflexionen sobre o feito de que todas as persoas, homes e mulleres, temos a mesma dignidade e, polo tanto, somos iguais e debemos ter as mesmas oportunidades. A partir de distintos textos, das expresións que utilizamos e fundamentalmente analizando a publicidade que aparece nos medios de comunicación, temos que ser conscientes de que vivimos nunha sociedade machista, que cómpre que vaíamos cambiando entre tod@s. Estes temas trátanse dun xeito especial no día contra a violencia de xénero e no día da muller traballadora.

#### - EDUCACIÓN PARA TEMPOS DE CRISE

Ao redor do Nadal, traballamos nas aulas o consumismo no que vivimos. Trátase de que o alumnado se decate de que vivimos nun mundo no que parece que a felicidade está no ter e non no ser. A través de distintos textos e de distintos

experiencias que se realizan na clase, tentamos que descubran e apliquen valores como austeridade, compartir, solidariedade... para fuxir deste materialismo cruel que nos afoga.

#### - EDUCACIÓN PARA A VIDA

A vida entendida coma o don máis grande que temos. Aprender a coidar e a respectar a vida, calquera forma de vida, o que nos leva tamén a educar na saúde e no respecto ao medio ambiente.

#### - EDUCACIÓN MULTICULTURAL

A través do estudo das diferentes relixións presentes no mundo, o alumnado descubrirá a riqueza da multiculturalidade, que lie levará a respectar a quen pensa, ere ou ama dun xeito distinto.

#### - EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

Plantexamos, entre outros, estes obxectivos: adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais (dar a coñecer o comercio xusto, os microcréditos). Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así coma dos dereitos do consumidor e como facelos efectivos. Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente diante do consumismo e da publicidade.

#### - EDUCACIÓN AMBIENTAL

Adquirir experiencias e coñecementos para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais. Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global. Desenvolver capacidades, técnicas e hábitos de relacionarse co medio que sexan respectuosos e non contribúan ao seu deterioro (os tres r).

#### - EDUCACIÓN PARA O COMPROMISO SOCIAL

A través do estudio das distintas ONG's presentes na nosa sociedade, tentamos facer ver ao alumnado que a sociedade será o que nos esteamos dispostos a que sexa, e que temos que aprender a compartir o que somos e o que temos a través de asociacións, bancos de tempo... nos que poidamos axudarnos uns a outros e construír entre todos tecido social



## **DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA.**

Non cabe dúbida de que a materia de TECNOLOXÍA é un dos instrumentos máis eficaces para a educación en valores, sobre todo a través do traballo na aula-taller que nos formula situacións cotiás de prexuízos e asunción de roles por parte dos alumnos.

Dende o Departamento de Tecnoloxía trataremos os seguintes temas:

- Educación ambiental:

Os contidos relacionados coa educación ambiental contémpanse ó falar dos temas da enerxía e dos materiais.

O alumnado coñecerá os distintos xeitos que ten o ser humano para obter enerxía, facéndose fíncapé en como afecta cada un deles na contorna. Deste xeito o alumnado comprenderá problemas coma a chuvia ácida ou o efecto invernadoiro e cales son as súas consecuencias. Estudarase a importancia das fontes de enerxía renovables para mitigar estes problemas, e sobre todo tratarase de concienciar ao alumnado na idea do aforro enerxético como a mellor e máis accesible ferramenta para a súa solución. O estudo dos diferentes materiais utilizados no desenvolvemento tecnolóxico permitirá introducir a idea da reciclaxe e dos beneficios da mesma para o medio ambiente.

- Educación do consumidor:

A realización de proxectos na aula-obraoiro permite a introdución dos contidos relacionados coa educación para o consumo xa que o alumnado deberá realizar os trabados tendo que axustar o consumo de materiais e utilizando sempre que sexa posible materiais de refugallo.

O alumnado coñecerá as distintas instalacións que existen nos seus fogares, a instalación de fontanería, a eléctrica... ligado ao seu estudio analizaranse distintas facturas como as das subministracións de auga e corrente eléctrica. Deste xeito poderán tomar conciencia do custe que supón o consumo excesivo de auga e luz e darán valor ao cofteamento como medio para ser mellores e máis informados

consumidores. Nas materias de informática e TIC desenvolveranse os contidos relacionados aos distintos tipos de licencias asociadas ao software informático, permitindo ao alumnado tomar conciencia da importancia do respecto a propiedade intelectual e das consecuencias negativas da piratería. Asemade explicarase a importancia de facer bo e seguro uso das múltiples ferramentas que unha rede como internet pon ao noso alcance.

- Educación para a saúde:

Os contidos relativos á educación para a saúde trátanse nos temas relativos á seguridade e hixiene no traballo.

O alumnado aprenderá a recoñecer as distintas ferramentas facendo fincapé na forma correcta de utilizalas así como nas medidas de protección se son necesarias. Coa realización práctica dos distintos proxectos no obradoiro tratarase de que os rapaces e rapazas tomen estas medidas de seguridade coma un hábito e que as interioricen de cara a súa vida laboral.

- Educación non sexista:

A realización de proxectos na aula-obradoiro permite a introdución dos contidos relacionados coa educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos. Esta igualdade levarase á práctica a través dun reparto non discriminatorio dos diferentes tipos de tarefas, manifestándose explícitamente a igualdade ante calquera das actividades que configuran a actividade tecnolóxica. Rapaces e rapazas por igual abordarán todas as tarefas propias do traballo no obradoiro, tarefas que irán desde a utilización de calquera ferramenta ata a limpeza e mantemento do taller.

- Educación para a convivencia:

A educación moral e cívica atopa espazos de tratamento nos contidos relacionados co traballo, así como o tratamento da incidencia social e ambiental dos produtos tecnolóxicos.

- Educación para a paz:

Reflexións e debates en tomo á tolerancia poden xerarse a través do traballo en grupo no ámbito do aula- taller. A realización dos proxectos así necesario que os

alumnos exportan as súas ideas, tomen decisións, elixan as mellores opción, e isto danos a oportunidade de resaltar a importancia do respecto e a tolerancia de ideas e criterios

O tema pretende ensinar a resolver os "conflitos" que adoitan aparecer nos grupos durante a fase de traballo en grupo, dunha forma pacífica, especialmente a través do diálogo. En este sentido as diferentes actividades que se desenvolven en torno á execución do proxecto, e especialmente na toma de acordos, elaboración de memorias, exposición dos proxectos... adoitan ser momentos oportunos para retomar e abordar este tema transversal.

## **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA, HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS.**

Aínda que a educación en valores afecta ao conxunto das materias, algúns teñen unha presenza especial nas asignaturas que impartimos os integrantes deste Departamento.

### **Educación para igualdade**

Neste caso enténdese o concepto de igualdade en relación co sexo.

As materias tratadas ocúpense tanto da sociedade actual (Xeografía Humana) como das do pasado (Historia), polo que o estudo das diferenzas entre persoas dun e doutro sexo e das relacións que se establecen entre elas forman parte das mesmas.

Para levar a cabo unha educación a prol da igualdade é importante visibilizar a presenza das mulleres e o papel desempeñado por elas en cada sociedade concreta, tanto se estaba limitado ao ámbito da vida privada, como se contaron con participación na vida pública. Isto resulta especialmente importante cando nos ocupamos do pasado, xa que tradicionalmente o seu estudo se centraba nas actividades realizadas polos varóns e non mencionaba as tarefas desenvolvidas polas mulleres. Estas só eran citadas cando, excepcionalmente, desempeñaban un papel que habitualmente estaba reservado aos homes, como a xefatura política, a dirección de tropas, etc. Aínda que actualmente libros de historia prestan máis atención ao estudo do conxunto da sociedade, dando cabida ás mulleres, segue

sendo necesario combater as inercias, moitas veces inconscientes, que se presentan tanto no material empregado como na nosa actividade.

A visión histórica androcéntrica contribúe de forma negativa ao desenvolvemento das persoas, pois reforza uns determinados valores sociais, culturais e económicos; oculta o papel e a importancia das mulleres na sociedade, dificulta o pleno desenvolvemento das súas capacidades, presenta o modelo masculino como superior, fomenta unha imaxe estereotipada da muller e mantén a división sexual do traballo.

Por todo iso deberíamos:

- a. Prestar atención ás cuestións relacionadas coa vida cotiá, o traballo doméstico, a organización da familia...
- b. Observar a evolución de costumes e mentalidades.
- c. Estudar o papel da muller en relación cos fenómenos políticos, económicos, sociais e culturais, e advertir sobre a discriminación que sufría nestes ámbitos.
- d. Buscar imaxes e modelos que eviten os estereotipos e contribúan a combater o sexismo.
- e. Recoñecer as aportacións que as mulleres realizaron ao longo da Historia.
- f. Prestar atención á loita das mulleres pola súa emancipación.

No ámbito da Xeografía Humana a atención céntrase sobre o papel que desenvolven as mulleres no mundo actual. Neste caso debemos prestar atención a fenómenos como:

- a. A incorporación masiva das mulleres ao traballo remunerado no mundo occidental.
- b. A situación das mulleres no mundo laboral e a discriminación que se observa en determinados aspectos: máis traballos a tempo parcial, maior precariedade, menor presenza en postos directivos... Así como a persistencia da escasa participación dos varóns nas tarefas domésticas.
- c. As diferenzas entre as mulleres occidentais e as que viven noutros países e culturas.

- d. As consecuencias da situación da muller sobre o conxunto da sociedade e o efecto positivo que unha mellora na mesma exerce sobre toda a poboación, por exemplo reducindo as altas taxas de natalidade nos países máis pobres.

### **Educación para a paz**

Ten como principal obxectivo a erradicación das relacións interpersonais, sociais e internacionais baseadas na violencia. Engloba aspectos como a resolución de conflitos, o desenvolvemento de actitudes tolerantes cara aos demais, o respecto polas diferentes ideoloxías sempre que sexan democráticas, polas diferenzas culturais e de crenzas, etc.

Neste ámbito as materias que conforman as Ciencias Sociais desempeñan un papel fundamental. O estudo da Historia nos permite analizar os motivos que deron lugar aos diferentes conflitos desenvolvidos no pasado e as consecuencias dos mesmos. O estudo da Xeografía Humana e Económica pon de manifesto o papel da desigualdade en relación co desenvolvemento como orixe da meirande parte dos conflitos e situacións de violencia que se observan na actualidade.

Un caso moi claro en relación co anterior o constitúe o estudo dos movementos migratorios. Mediante a análise da situación económica vixente no mundo subdesenvolvido e das relacións de desigualdade que se establecen entre as diferentes áreas do mundo, o alumnado debe comprender que motivos levan a millóns de persoas a emigrar e en que condicións se atopan nos países de destino.

Especialmente en momentos de auxe da xenofobia, como o actual, é importante que entendan que calquera parte do mundo se converte nun foco de emigración se así o determinan as circunstancias económicas. Deben saber que, así como na actualidade a meirande parte das migracións procede dos países subdesenvolvidos de África, América e Asia, no pasado eran os europeos os que emigraban masivamente na procura de mellores oportunidades. E deben coñecer a importancia deste fenómeno en Galicia.

É importante insistir en que a presenza de inmigrantes exerce efectos positivos dende o punto de vista demográfico, cultural, económico... sobre a sociedade que os acolle e non se limita a ser unha fonte de conflitos. Tamén neste caso é necesario combater os prexuízos e as visións estereotipadas.

A educación para a paz non só debe levar ao abandono da violencia como medio para resolver as discrepancias, senón fomentar o rexeitamento polas desigualdades e as situacións de pobreza, que son tamén o resultado de determinadas formas de violencia. Debe favorecer a empatía e solidariedade cara ás vítimas das desigualdades e a implicación na axuda ao desenvolvemento.

### **Educación ambiental**

O estudo da Xeografía permite o coñecemento do medio, dos recursos que nos ofrece e dos problemas que o ameazan.

No desenvolvemento desta materia deben estar presentes os seguintes obxectivos:

- Comprender a necesidade de conservar o medio natural como fonte de recursos e soporte das actividades humanas.
- Tomar conciencia da importancia ecolóxica de determinadas zonas como a Amazonia.
- Asumir a necesidade de respectar a paisaxe urbana e rural e colaborar activamente na súa conservación e mellora.
- Adquirir hábitos de consumo responsables e respectuosos co medio.
- Fomentar o uso responsable da auga.
- Valorar as repercusións sociais e ambientais das actividades económicas.
- Adquirir hábitos cotiáns orientados á conservación dos recursos non renovables.
- Coñecer as diferentes fontes de enerxía empregadas na actualidade e analizar as vantaxes e inconvenientes que presenta cada unha.
- Tomar conciencia da situación de dependencia enerxética de España, comprender a importancia do aforro enerxético e recoñecer a importancia da investigación en fontes renovables.
- Rexeitar as prácticas abusivas e comprender a necesidade de actividades económicas sostibles, evitando o uso de fertilizantes, pesticidas, etc. que prexudiquen o medio.
- Comprender as causas e as consecuencias da proliferación dos residuos sólidos urbanos (RSU) e a necesidade de aumentar a reciclaxe.

- Tomar conciencia do grave problema que supoñen os incendios forestais e das circunstancias que facilitan a súa orixe e expansión.
- Favorecer a implicación na busca de solucións á deterioración do medio ambiente.